

PREGO DE CONDICIÓN

(REFERENCIA: 1050/2011-06)

**CONTRATACIÓN DE OBRAS PARA A
CENTRAL AGROPECUARIA DE GALICIA DA
FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA**

CONTRATO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA.
PROCEDIMENTO PÚBLICO ABERTO. TRÁMITE DE URXENCIA

ÍNDICE

	<u>Páxina</u>
FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS	3
PREGO DE CONDICIÓN	10
1.- Definición obxecto do contrato	10
2.- Réxime xurídico	10
3.- Identificación do órgano de contratación e perfil de contratante	11
4.- Procedemento e forma de adxudicación	11
5.- Condicións de aptitude esixibles para contratar	11
6.- Sistema de determinación de prezo	12
7.- Orzamento	12
8.- Crédito orzamentario	12
9.- Garantía provisional	13
10.- Garantía definitiva	13
11.- Lugar e prazo das proposicións	14
12.- Variantes	14
13.- Formalización das proposicións	14
13.1.- Documentación xeral (sobre A)	14
13.2.- Documentación técnica e económica (sobre B)	16
14.- Comisión de selección	18
15.- Criterios de adxudicación	19
16.- Adxudicación da contratación	19
17.- Obrigas previas á adxudicación definitiva	20
18.- Formalización de contratos	20
19.- Execución do contrato	21
20.- Prerrogativas	21
21.- Penalidade de demora	21
22.- Forma de pago	22
23.- Gastos esixibles ao adxudicatario	22
24.- Cesión do contrato	23
25.- Resolución do contrato	23
26.- xurisdición competente	24
ANEXO I	25
PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS	26

FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS

(REFERENCIA: 1050/2011-06)

CONTRATACIÓN DE OBRAS PARA A CENTRAL AGROPECUARIA DE GALICIA DA FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA

CONTRATO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA.
PROCEDIMENTO PÚBLICO ABERTO. TRÁMITE DE URXENCIA

1.- OBXECTO DO CONTRATO

O Obxecto do presente contrato é a realización de obras de mellora na Central Agropecuaria de Galicia, segundo as características definidas no prego de prescricións técnicas, para a Fundación Semana Verde de Galicia.

Unidades obxecto de realización: A obra a executar está dividida en 9 actuacións detalladas de forma mais precisa no prego de prescricións técnicas.

Duración estimada da obra: A obra deberá estar executada nun 30% o 22 de Novembro de 2010, e totalmente rematada no 100% o 20 de Xuño de 2011

2.- RÉXIME XURÍDICO

O contrato celebrado terá a consideración de contrato privado.

O contrato rexerase, en canto a súa adxudicación pola Instrución reguladora dos procedementos para a contratación da Fundación Semana Verde de Galicia con data 30 de Outubro de 2008 e publicada na web da Fundación (www.feiragalicia.com), e no seu defecto pola LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento, no que sexa aplicable a esta Fundación, ou no que proceda polas remisións efectuadas polas presentes follas de especificacións, os pregos de condicións e os pregos de prescricións técnicas, aplicándose supletoriamente as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexeráse polo dereito privado.

3.- IDENTIFICACIÓN DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E PERFIL DE CONTRATANTE

Órgano de contratación: Dirección Xeral da Fundación Semana Verde de Galicia.

Perfil de contratante: Poderá consultarse na páxina web da Fundación Semana Verde de Galicia (www.feiragalicia.com) e na plataforma de contratación autonómica (www.contratosdeg Galicia.es)

4.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

Forma de Adxudicación: Procedemento Aberto

Tipo de Contrato: Obra non suxeita a regulación harmonizada

Tipo de tramitación: Urxente

5.- CONDICIÓN DE APTITUDE ESIXIBLES PARA CONTRATAR

A capacidade de contratar acredítase de acordo o establecido no artigo 61 da LCSP.

En ningún caso poderán contratar coa Fundación Semana Verde de Galicia as persoas que estean incursas nalgún dos supostos de prohibición do artigo 49.1 da LCSP.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea estarase ao disposto no artigo 47 da LCSP.

As empresas non españolas e non comunitarias estarán ao disposto no artigo 44 da LCSP.

As unións de empresarios poderán contratar coa Fundación Semana Verde de Galicia segundo o establecido no artigo 48 da LCSP.

6.- SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO

O sistema de determinación do prezo é mediante a presentación da oferta económica máis ventaxosa, no conxunto da obras, que se presentará segundo o modelo especificado no Anexo I.

7.- VALOR ESTIMADO

Orzamento base de licitación en letra (IVE excluído):
Cento noventa e dous mil novecentos once euros con corenta céntimos de euro

Orzamento base de licitación en número (IVE excluído):
- 192.911,40 €

Orzamento IVE:
- 34.724,05 €

8.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A obra será financiada nun 57,41% coa subvención otorgada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural – Agader, con cargo os proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia do Plan Feader. A cuantía restante irá con cargo ós orzamentos da Fundación Semana Verde de Galicia na súa partida económica: 21.- Construcións, instalacións técnicas e outro inmovilizado material

9.- GARANTÍA PROVISIONAL

Non procede

10.- GARANTÍA DEFINITIVA

Según apartado 10 do prego de condicións.

11.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN

As proposicións presentaranse na seguinte dirección:
Fundación Semana Verde de Galicia
Recinto Feiral s/n

36540 Silleda (Pontevedra)
Teléfono: 986577000 – Fax: 986580865

No prazo de 13 días dende a publicación no Diario Oficial de Galicia

12.- MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

A solvencia económica e financeira xustificárase mediante un informe de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante de existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

Reputarase solvente ao licitador que achegue un informe dunha institución financeira que se pronuncie expresamente sobre a súa solvencia económica para a realización do obxecto contractual relacionado nesta folla de especificacións.

No suposto de presentar un seguro de indemnización de riscos profesionais considerarase solvente o licitador que acredite ter subscrito dito seguro cunha entidade aseguradora por capital equivalente ao orzamento base da licitación multiplicando por 1,5.

13.- MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

Esixírase como acreditación da solvencia técnica a seguinte clasificación:

Grupo: C

Categoría: E

Tamén deberá acreditarse a solvencia técnica mediante unha relación das principais contratacións de obras de tipoloxía semellante á que é o obxecto deste Procedemento efectuadas durante os cinco últimos anos, indicando o seu importe, data, e destino público ou privado, á que se incorporan os correspondentes Certificados sobre estas.

As obras realizadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

Reputarase solvente ao licitador que declare ter executado en conxunto obras semellantes que representen un volume de negocio igual ou superior ao do orzamento base de licitación ao tempo que incorpore o correspondente certificado sobre o mesmo.

De acordo con isto, e en relación coa solvencia técnica e profesional o licitador deberá cubrir o seguinte cadro que se incluírá no sobre A "Documentación Xeral"

Relación de obras semellantes nos últimos tres anos

Denominación	Importe	Data	Destinatario
.....			

14.- VARIANTES

Non procede

15.- CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN

O criterio de adxudicación a seguir, por orden crecente de ponderación, vai ser:

1.- Oferta económica. Ponderación: ata 50 puntos

A valoración da mellora económica realizarase atribuíndo a mellor oferta económica o número máximo de puntos, descontándose para o resto a mesma porcentaxe de puntos en proporcionalidade a relación de cada oferta económica coa mellor presentada.

Para os efectos do artigo 136 da LCSP poderán ter a consideración de ofertas desproporcionadas ou temerarias as proposicións económicas nas que a súa porcentaxe de baixa exceda nun 40%, polo menos, a media aritmética de tódalas proposicións presentadas.

2.- Redución do prazo de execución. Ponderación: ata 20 puntos

Por día de redución: 2 puntos

3.- Melloras técnicas. Ponderación: ata 20 puntos

(Os pregos técnicos precisarán sobre que elemento e en qué condicións queda autorizada a súa valoración. No caso de permitirse melloras sobre varios aspectos desglosarase a puntuación das posibles valoracións a cada unha delas)

4.- Medios que a empresa se compromete a poñer a disposición da obra.
Ponderación: ata 10 puntos
A empresa deberá detallar a relación de persoal, equipos e maquinaria que se poñerá a disposición durante a execución da obra.

16.- AVALIACIÓN DAS OFERTAS CUXA CUANTIFICACIÓN DEPENDA DUN XUIZO DE VALOR

SI X	NO
En relación cos criterios enumerados no apartado 15, serán evaluadas as ofertas de acordo cos seguintes criterios cuia cuantificación dependa dun xuízo de valor:	
-Melloras técnicas	
-Medios que a empresa se compromete a poñer a disposición da obra	

17.- GASTOS ESIXIBLES AO ADXUDICATARIO

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos dos posibles anuncios de licitación e de formalización do contrato, ata un máximo de 500 €.

18.- PRAZO E LUGAR DE ENTREGA

Prazo: A execución da obra obxecto deste contrato levarase a cabo nun 30% o 22 de Novembro de 2010, e deberá estar totalmente executada o 20 de Xuño de 2011, ou no prazo menor ofertado, a contar dende a adxudicación definitiva.

Lugar: No Recinto Feiral da Fundación Semana Verde de Galicia

19.- PRAZO E GARANTÍA

A garantía deberá ser durante un período mínimo de 1 ano

20.- REVISIÓN DE PREZOS

Non procede

21.- PENALIZACIÓN

Conforme ao disposto no artigo 196 da LCSP

Silleda, a 18 de Outubro de 2010



Paloma Hidalgo López
Directora Xeral

PREGO DE CONDICIÓN

(REFERENCIA: 1050/2011-06)

CONTRATACIÓN DE OBRAS PARA A CENTRAL AGROPECUARIA DE GALICIA DA FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA

CONTRATO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA.
PROCEDIMENTO PÚBLICO ABERTO. TRÁMITE DE URXENCIA

1.- Definición obxecto do contrato

O obxecto do presente contrato é a execución de obras de mellora e investimento na Central Agropecuaria de Galicia, segundo as características definidas no prego de prescrición técnicas, para a Fundación Semana Verde de Galicia.

Unidades obxecto de realización: A obra a executar está dividida en 9 actuacións detalladas de forma mais precisa no prego de prescricións técnicas

Duración estimada da obra: A obra deberá estar executada nun 30% o 22 de Novembro de 2010, e totalmente rematada no 100% o 20 de Xuño de 2011

2.- Réxime xurídico

O contrato celebrado terá a consideración de contrato privado.

O contrato rexerase, en canto a súa adxudicación pola Instrución reguladora dos procedementos para a contratación da Fundación Semana Verde de Galicia con data 30 de Outubro de 2008 e publicada na web da Fundación (www.feiragalicia.com), e no seu defecto pola LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento, no que sexa aplicable a esta Fundación, ou no que proceda polas remisións efectuadas polas presentes follas de especificacións, os pregos de condicións e os pregos de prescricións técnicas, aplicándose supletoriamente as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexerase polo dereito privado.

3.- Identificación do órgano contratación e perfil de contratante.

A Dirección Xeral da Fundación Semana Verde de Galicia, será o órgano de contratación da Fundación.

O perfil de contratante poderá consultarse na páxina web da Fundación Semana Verde de Galicia (www.feiragalicia.com), na sección adicada a Concursos e na plataforma de contratación autonómica (www.contratosdeg Galicia.es)

4.- Procedemento e forma de adxudicación

Según a Instrución Reguladora dos Procedementos para a contratación internos da Fundación Semana Verde de Galicia con data 30 de Outubro de 2008, segundo o artigo 175 da LCSP, a adxudicación da obra á que se refire o presente prego rexérase polos artigos 122 e seguintes da LCSP polo procedemento aberto ou restrinxido, con varios criterios de adxudicación, e por tramitación urxente tomando coma referencia o artigo 96 da LCSP.

5.- Condicións e aptitude esixibles para contratar

Só poderán contratar coa Fundación Semana Verde de Galicia, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade para obrar, non estean incursas na prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co esixido neste prego, e que a súa actividade teña relación directa co obxecto do contrato segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regas fundacionais, acreditarase debidamente, e disporá dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

A acreditación da capacidade de obrar será segundo o establecido no artigo 61 da LCSP.

En ningún caso poderán contratar coa Fundación Semana Verde de Galicia as persoas que estean incursas nalgún dos supostos de prohibición do artigo 49.1 da LCSP.

Respecto das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea estarase ao disposto no artigo 47 da LCSP.

En canto as empresas non españolas e non comunitarias estarase ao disposto no artigo 44 da LCSP.

Poderán contratar coa Fundación Semana Verde de Galicia as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor. As unións de empresarios estarán ao disposto no artigo 48 da LCSP.

6.- Sistema de determinación do prezo

O sistema de determinación do prezo é mediante a presentación da oferta económica máis ventaxosa, no conxunto da obras, que se presentará segundo o modelo especificado no Anexo I

7.- Orzamento

O orzamento de licitación será:

Orzamento base de licitación en letra (IVE excluído):

- Cento noventa e dous mil novecentos once euros con coarenta céntimos de euro

Orzamento base de licitación en número (IVE excluído):

- 192.911,40 €

Orzamento IVE:

- 34.724,05 €

A tódolos efectos entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden non só o prezo do contrato, senón tamén cantos recargos e impostos sexan legalmente repercutibles e demais gastos que fosen de aplicación. Sen embargo, e segundo o artigo 75.2 da LCSP, indicarse como partida independente o importe do Imposto sobre o valor engadido, IVE, que deba soportar a Fundación Semana Verde de Galicia.

Duración do contrato: O duración do contrato terá como inicio a data da adxudicación e firma e como finalización a data límite do 30 de Xuño de 2011, quedando vixente en todo momento o período de garantía determinado.

8.- Crédito orzamentario

O obra será financiado nun 57,41% coa subvención otorgada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural – Agader, con cargo os proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia do Plan Feader. A cuantía restante irá con cargo ós orzamentos da Fundación Semana Verde de Galicia na súa partida económica: 21.- Construcións, instalacións técnicas e outro inmovilizado material

9.- Garantía provisional

Non procede

10.- Garantía definitiva

O adxudicatario entregará a Fundación Semana Verde de Galicia o documento acreditativo da constitución da garantía definitiva unha vez notificada a adxudicación provisional, equivalente ao 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido. No caso dos contratos con prezos provisionais a que se refire o artigo 75.5 da LCSP, a porcentaxe calcularase con referencia ao prezo máximo fixado. Cando a contía do contrato se determine en función de prezos unitario, o importe da garantía a constituír fixarase atendendo ao orzamento base de licitación (artigo 23 da Instrución reguladora dos procedementos da Fundación Semana Verde de Galicia).

A garantía definitiva responderá do cumprimento integro, polo adxudicatario, das obrigacións asumidas en virtude do propio contrato.

Entenderase que o aval debe presentarse con renuncia ao beneficiario de excusión a que se refire o artigo 1.830 do Código Civil, o primeiro requirimento, así como que so seguro debe constituírse con renuncia do asegurador a opoñer ao asegurado as excepcións que puideran corresponderlle contra o tomador.

En todo caso a garantía esixida poderá presentarse en calquera das formas establecidas no artigo 84 da LCSP, e o regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RD 1098/2001).

Non obstante, atendidas as circunstancias concorrentes no contrato, o órgano de contratación poderá eximir ó adxudicatario da obriga de constituír garantía definitiva, xustificándose axeitadamente nos pregos.

Todo esto sen prexuízo do establecido no artigo 136 da LCSP, en relación coas ofertas desproporcionadas ou temerarias.

11.- Lugar e prazo das proposicións

A documentación para participar neste procedemento, deberá presentarse en man dentro do prazo sinalado na folia de especificacións, no Rexistro Xeral da Fundación Semana Verde de Galicia, sito nas oficinas administrativas da Fundación no Recinto Feiral s/n, C.P. 36540, Silleda (Pontevedra), número de teléfono 986577000 e número de fax 986580865.

12.- Variantes

Non procede

13.- Formalización das proposicións

A documentación presentarse en dous sobres independentes redactada en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma Galega e tratándose de empresas estranxeiras deberán acompañar a tradución oficial. Os sobres presentaranse pechados, identificados no seu exterior, con indicación da licitación á que concorra e asinados polo licitador ou a persoa que o represente, e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa.

No interior de cada sobre farase en folia independente o seu contido, enunciando numericamente, procurando, así mesmo, que o contido de cada sobre se atope debidamente paxinado.

Será preciso que o licitador aporte a documentación que integra a proposición dividida en dúas partes:

SOBRE A: DOCUMENTACIÓN XERAL
SOBRE B: DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA

13.1. Documentación Xeral (Sobre A)

13.1.1. Licitadores non inscritos no rexistro de contratistas

No Sobre A figurarán os documentos (ou fotocopias dos mesmos, debidamente legalizadas ou compulsadas) seguintes:

- Documento acreditativo da personalidade e capacidade do contratista, que será o DNI se se trata de persoa física, ou, se a empresa é persoa

xurídica, a escritura de constitución ou de modificación da mesma, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial. (Artigo 61 da LCSP)

- Cando varias empresas acudan á licitación constituíndo unha Unión de Empresarios, cada un dos empresarios acreditará a súa personalidade e capacidade, debendo indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban e a participación de cada un deles. Así mesmo, deberán designar a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ostentará a plena representación de todos fronte á Fundación Semana Verde de Galicia, sendo aplicable o artigo 48 da LCSP.
- Os empresarios non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos Rexistros e presentación das certificacións que se indican no artigo 61 da LCSP
- As empresas de estados non pertencentes a Unión Europea deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española, que se acompañará á documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos, ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP, en forma análoga.
- Cando o licitador non actúa en nome propio ou se trate dunha persoa xurídica deberá acompañar un poder declarado bastante pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e igualmente documento nacional de identidade ou documento que o reemprace, da persoa que asine a proposición.
- Deberá presentarse a declaración responsable de que o licitador non está incurso nalgunha das prohibicións para contratar coa Administración conforme ó establecido nos artigos 43 ao 62 da LCSP.
- Os licitadores deberán xustificar a súa solvencia económica e financeira, técnica ou profesional, utilizando de entre os medios de acreditación previstos nos artigos 63 ao 73 da LCSP os que se indiquen na folla de

especificacións deste prego. Estes medios de acreditación deberá xustificar que as empresas axústanse os criterios de selección que se fixan na folia de especificacións deste prego.

- A citada declaración responsable comprenderá expresamente as circunstancias de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social incluíndo que se atope en alta e ao corrente no pago do IAE, así como a non existencia de débedas tributarias ou doutro tipo coa Comunidade Autónoma de Galicia. Todo elo sen prexuízo da obrigación de presentar os certificados correspondentes, no prazo de 8 días hábiles dende a notificación da adxudicación provisional
- As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á xurisdición española, para tódalas incidencias que puideran xurdir do contrato, con renuncia ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante.

13.1.2. Os licitadores inscritos no rexistro de contratistas

Os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia deberán facelo constar así na parte exterior do Sobre A, consignando tamén o seu número de inscrición.

Ao abeiro do disposto no Decreto 262/2001, do 20 de Setembro, polo que se refunde a normativa reguladora do Rexistro Xeral de Contratista, se os licitadores se atopan inscritos no rexistro de contratistas, e consta nel que teñen actualizados os certificados de estaren ao corrente no pagamento das obrigas tributarias e da Seguridade Social, só deberán presentar a documentación que acredite a solvencia económica e financeira, técnica ou profesional.

No suposto de que algún destes certificados non conste actualizado no devandito rexistro, deberá acreditarse ante a mesa de contratación, ou de ser o caso, ante o órgano de contratación.

13.2. Documentación técnica e económica (Sobre B)

Os documentos onde se reflicten as características técnicas da oferta do licitador en relación coa realización da obra obxecto da licitación e o esixido no Prego de Prescricións Técnicas.

Necesariamente incluírá a seguinte documentación:

- Xustificación dos prazos de execución nos que o licitador se compromete a realizar a obra dende que se lle requira para o efecto, con expresión, se é o caso, da organización con elementos persoais e materiais para a execución da obra
- Catálogos, descrições, fotografías, mostras e cantos outros datos e documentos permitan avaliar a adecuación das obras ofertadas á satisfacción das necesidades obxecto do contrato de conformidade co Prego de Condicións Técnicas
- Certificado de estar inscrito como empresa Contratista de Obras no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas coa seguinte clasificación:
Grupo: C
Categoría: E
- Calquera outra información que, por considerala interesante o licitador, poida estar contida nos criterios a valorar polo órgano de contratación

O Sobre B conterá igualmente a Proposición Económica conforme ao modelo que figura no Anexo I. Non se aceptarán aquelas ofertas que teñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer claramente o que o Órgano de Contratación estime fundamental para a considerar a oferta. Cada licitador presentará unha soa proposición.

Cando nunha licitación que se siga por un procedemento aberto ou restrinxido se recollan criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas, realizarase en primeiro lugar a avaliación das ofertas conforme aos criterios a cuantificación dos cales dependa dun xuízo de valor, deixándose constancia documental diso (a cláusula 16 do prego de especificacións precisará os criterios que dependan do xuízo de valor).

Nestes casos, a presentación da proposición virá dividida dentro en dous sobres independentes para facer posible a indicada valoración separada.

Sobre B: Documentación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor

Sobre C: Proposición valorable de forma automática (oferta económica)
A mesa unha vez calificada e subsanada, no seu caso, a documentación persoal (Sobre A) procederá a apertura do Sobre B das proposicións admitidas e efectuará a súa avaliación, previos informes técnicos que se poidan solicitar.

Unha vez realizada a indicada avaliación, en día e hora previstos, procederase a apertura do sobre C, en acto público, previa publicación

da valoración técnica (artigo 47 e 60 da Instrución reguladora da Fundación)

O licitador non poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras empresas se xa o fixo individualmente. A infracción desta norma dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

14.- Comisión de selección

A Comisión de Selección estará composta por:

- Un Presidente, que será o Director Económico-Administrativo da Fundación
- Tres Vocais, que serán o Director de Infraestruturas e Servizos Técnicos, a Directora de Comunicación e Marketing e o Director Comercial
- Un Secretario, que será un membro do Departamento Económico-Administrativo da Fundación

A Mesa estará asistida polos técnicos asesores que se consideren necesarios, que a informarán sobre as cuestións das súas respectivas competencias e por requirimento da Mesa, pero sen dereito a voto. Poderán pedir, sen embargo, que consten en acta as observacións que consideren preciso formular.

Os membros da Comisión poderán delegar, noutros membros da mesma, por escrito e para cada sesión, a súa representación e voto.

Corresponde ao Presidente da Comisión de Selección acordar a convocatoria, dirixir as deliberacións e exercer cantas funcións sexan inherentes á súa condición. Dirimirá co seu voto en caso de empate.

Das reunións da Comisión de Selección levantarase acta, que será asinada por tódolos seus membros.

Os membros da Mesa deberán pronunciarse necesariamente sobre a proposición que proceda facer ao Órgano de Contratación, sen posibilidade de abstención no correspondente votación. Os que discrepen do acordo adoptado pola maioría poderán facer constar en acta o seu voto particular ao tempo da sinatura.

Unha vez concluído o prazo sinalado para a presentación de ofertas, a Comisión de Selección examinará e calcificará a documentación aportada, podendo conceder un prazo de subsanación non superior a 3 días hábiles, exclusivamente para a corrección de erros ou defectos materiais e subsanables no tocante á Documentación contida no Sobre A; con apercibimento de exclusión definitiva do licitador que nese prazo non realice a subsanación. A estes efectos, a Fundación comunicara verbalmente ós interesados, ser prexuízo de que as circunstancias reseñadas se comuniquen por fax ou correo electrónico (con confirmación da recepción) e se fagan públicas a través do anuncio do Presidente da Comisión de Selección na páxina web www.feiragalicia.com da Fundación.

As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública.

A Comisión, no día sinalado para o anuncio, procederá á apertura das proposicións en acto público.

A Comisión formulará a correspondente proposta de adxudicación a ao Órgano de Contratación, unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario. A proposta non crea dereito ningún en favor do licitador proposto.

15.- Criterios de adxudicación

Os criterios de adxudicación son os sinalados no apartado 15 da folia de especificacións.

16.- Adxudicación da contratación

A Comisión de Selección elevará ao Órgano de Contratación as proposicións xunto coa acta e a proposta de adxudicación que incluírá en todo caso a ponderación dos criterios previstos no punto anterior, sen que esta proposta cree dereito algún a favor do licitador proposto.

O Órgano de Contratación procederá á adxudicación provisional do contrato no prazo máximo de un mes a contar dende a apertura de proposicións podendo adxudicar á proposta máis ventaxosa, sen prexuízo do dereito a renunciar á celebración do contrato ou desistir do procedemento de acordo co artigo 139 da LCSP.

A adxudicación provisional publicarase no perfil de contratante e notificaráselle ao adxudicatario.

A adxudicación ao licitador que presente a oferta máis ventaxosa non procederá cando o devandito Órgano presuma fundadamente que a proposición non poda ser cumprida como consecuencia da inclusión na mesma de valores anormais ou desproporcionados (para a consideración de oferta con valores anormais ou desproporcionados aplicase o disposto no artigo 136 da LCSP).

A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran 8 días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique a adxudicación provisional no perfil de contratante.

17.- Obrigas previas á adxudicación definitiva

No prazo de 10 días hábiles, seguintes a aquel no que se publique a adxudicación provisional no perfil de contratante, o adxudicatario deberá presentar a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que se houbesen comprometido a adicar, ou adscribir á execución do contrato, conforme ao artigo 53.2 da LCSP, que lle reclame o Órgano de Contratación, así como constituír a garantía, que no seu caso, sexa procedente.

18.- Formalización do contrato

O documento de formalización subscríbese pola Directora Xeral da Fundación Semana Verde de Galicia e o contratista, nun prazo de cinco días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva.

En ningún caso poderá introducirse no documento de formalización mencións que contraveñan ao disposto nos pregos que serven de base á licitación.

O contrato poderá formalizarse mediante escritura pública cando así o solicite o adxudicatario, e correrán ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando por causas imputables ao adxudicatario, non puidera formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Fundación Semana Verde de Galicia poderá acordala resolución do mesmo.

19.- Execución do contrato

O adxudicatario deberá realizar as prestacións do presente contrato nas condicións óptimas de calidade utilizando os medios persoais e materiais máis adecuados para garantir a súa óptima execución.

A Fundación poderá verificar en calquera momento a correcta execución do contrato, podendo solicitar a documentación que estime oportuna e as inspeccións que considere necesarias.

O adxudicatario non terá dereito á indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados na obra.

O remate da obra, para a súa constatación, esixirá por parte da Fundación un acto formal e positivo de recepción e conformidade, dentro do mes seguinte de producirse. Cando a devandita comunicación sexa preceptiva.

Se as obras non se atopasen conforme ao contratado, farase constar na acta de recepción e daránselle as instrucións precisas ao adxudicatario para que emende os defectos observados ou para que proceda a unha renovación, de conformidade co pactado.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción este responderá dos danos e perdas que se manifesten durante un prazo de dez anos (artigo 219 da LCSP).

20.- Prerrogativas

O Órgano de Contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Poderá así mesmo modificalos por razóns de interese público, dentro, en todo caso, dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 202, 203 e 272 da LCSP.

21.- Penalidades por demora

En caso de incumplimento do contrato ou dos prazos establecidos neste, por causas imputables ao adxudicatario, o Órgano de Contratación poderá optar indistintamente por:

- Declarar resolto o contrato, con perda da garantía
- Impoñerlle o adxudicatario as penalidades establecidas no artigo 196 da LCSP

Os importes das penalidades faranse efectivas mediante a dedución destes da facturación que se produza. En todo caso, a garantía constituída responderá da efectividade daquelas.

A constitución en mora non requirirá interpelación ou intimación previa por parte da Fundación Semana Verde de Galicia.

22.- Forma de pago

O adxudicatario terá dereito ó aboamento da obra realizada e recibida, de conformidade cos termos establecidos na normas que rexen o contrato e conforme ó prezo convindo. En caso de que o contrato prevexa prazos de execución ou realización de entregas parciais, a demanda da Fundación, o contratista terá dereito ó aboamento das obras realizadas, en cumprimento dos citados prazos ou entregas parciais.

A Fundación terá a obriga de aboalo prezo dentro dos 10 días seguintes á data de conformidade dos correspondentes documentos, que acrediten a realización parcial ou total da obra obxecto do contrato. A expedición de tales documentos requirirá, con carácter previo, que o adxudicatario presente no domicilio da Fundación a facturación correspondente, acompañada polos albarás de entrega asinados.

A Fundación so dará a súa conformidade á factura si a obra foi realizada conforme ás condicións previstas. Así mesmo a factura deberá referirse ao número de unidades realmente realizadas, polo tempo real de execución das obras e polos prezos unitarios establecidos. En caso de desconformidade coa factura presentada a Fundación deberá manifestar as causas da mesma nun prazo máximo de sete días hábiles a contar dende o día seguinte da súa recepción.

23.- Gastos esixibles ao adxudicatario

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos dos posibles anuncios e de formalización do contrato. Así mesmo, correrá a cargo do adxudicatario, o que está incluído no orzamento ofertado, os gastos de transporte, instalación e colocación de todo se cada un dos elementos que compoñen o servizo. De igual forma se fará cargo do custe do elemento publicitario da obra, establecido e definido polo Agader para este tipo de obras e inversións subvencionadas. Igualmente, correrán ao seu cargo os impostos por calquera índole que grave nos diversos conceptos, mesmo o imposto sobre o valor engadido.

24.- Cesión de contrato

Admitirase a cesión de contrato sempre que as calidades técnicas do cedente non sexan causa determinante na súa adxudicación, e sempre que se cumpra nos requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP.

O adxudicatario poderá concertar con terceiros a realización parcial do obxecto do contrato, de acordo coas condicións e requisitos establecidos no artigo 210 da LCSP, sempre e cando as prestacións parciais subcontractadas non excedan do 50% do importe de adxudicación. Os subcontractistas quedarán obrigados unicamente ante o contratista principal, que asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte a Fundación, con suxeición estrita ás prescricións do presente prego, as prescricións técnicas e ás condicións establecidas na súa oferta técnica.

25.- Resolución do contrato

Serán causas de resolución do contrato:


- Calquera incumprimento das obrigacións asumidas por parte do contratista, así coma a falta de pago do prezo por parte da Fundación
- A falta de constitución de garantía e a falta de formalización do contrato na forma prevista no prego
- A declaración de insolvencia do contratista en calquera procedemento e, en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación
- Nos supostos de fusión, escisión, achega ou transmisión de empresas nas que participe o contratista será plenamente aplicable as previsións do artigo 202.4 da LCSP

26.- xurisdición competente

A orde xurisdiccional civil será a competente para coñecer de cantas cuestións litixiosas afecten á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción do contrato obxecto deste procedemento.

Faise sometemento expreso das partes aos foros e tribunais da cidade de Santiago de Compostela.

Silleda, a 18 de Outubro de 2010



Paloma Hidalgo López
Directora Xeral

ANEXO I

Don _____, con domicilio
en _____, provincia de _____,
rúa _____ número _____ e D.N.I. número
_____, en nome (propio ou da Empresa que representa
_____ con C.I.F. número
_____), enterado do anuncio publicado no
_____ do día _____ de _____ e
das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato de
obras _____
comprométese a tomar ó seu cargo a execución dos mesmos, con estricta
suxeición ós expresados requisitos e condicións, por un período de
_____ e pola cantidade que se enumera de seguido:

- Importe sen IVE: _____ €
- IVE: _____ €
- Total con IVE: _____ €

(deberanse expresar claramente as cifras en número e letra)

Silleda, a _____ de _____ de 20__

(Data e sinatura do proponente)

PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS

(REFERENCIA: 1050/2011-06)

CONTRATACIÓN DE OBRAS PARA A CENTRAL AGROPECUARIA DE GALICIA DA FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA

CONTRATO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA.
PROCEDIMENTO PÚBLICO ABERTO. TRÁMITE DE URXENCIA

Relación de melloras e inversións a realizar na Central Agropecuaria de Galicia

1. Dotación de 40 valos exteriores para conducir o gando no peirao do Pavillón 4.

Descrición: Con intención de poder dirixir o gando aos camiós de transporte, é necesaria a existencia uns valados, con características similares os que se presentan na fotografía adxunta. Deberán ser uns valos plegables, dirixibles e anclados á parede. Ademais, non poderán presentar cantos puntiagudos que poidan ferir aos animais.

Características técnicas: Consistirá no suministro e montaxe de 40 valos exteriores metálicos galvanizados para a súa colocación no pabellón 3, de 2,80 m. X 1,04 m. formada por tubo perimetral de 35 mm. de 5 tubos intermedios de 30 mm. de diámetro a 20 cm. de separación entre eles, incluso reforzos verticais con llanta de 0,5 mm. de espesor e 25 mm. de ancho.



2. Incremento do peirao de carga do Pavillón 3 (zona becerros carniceiros).

Descrición: Os peiraos de carga e descarga existentes nestes intres non son suficientes para o tránsito de gando asistente semanalmente a cada subasta, sendo preciso a construción e apertura de novas portas con acceso directo ao peirao que leven as rampas de acceso, sistemas que son máis válidos pois poden ser empregados por todo tipo de vehículos.

Características técnicas: Consistirá na reforma do peirao de carga e descarga do Pabellón 3, desenvolvendo as seguintes actuacións:

- Corte e demolición de muro de formigón en 11 m. de lonxitude e 1,10 m. de altura. Corte e demolición da rampa existente
- Execución de muro de formigón armado en 14 m. de lonxitude de 30 cm. de espesor e 1,10 m. de altura
- Nova formación de rampla de formigón de 5 m. de longo e 11 m. de ancho para alcanzar 1,10 m de altura, con acabado rugoso.
- Apertura de 2 portas en fabrica de bloque de 3 X 3 para deixar igual ás existentes, incluso reforma e desprazamentos de instalación



3. Portas Interiores de dirección no Pavillón 4.

Descrición: Para dirixir o gando nos corredores interiores, son necesarias portas de dirección, que non presenten cantos puntiagudos que poidan ferir aos animais e que asemade dispoñan de sistemas de anclaxes para fixar a posición.

Características técnicas: Suministro e instalación de 18 portas metálicas tipo cancela con sistema de ancoraxe para fixar a posición, permitindo dúas apertura, formada por tubo galvanizado de 50 mm. de diámetro de 1,20 m. de altura.



4. Rallado do chan.

Descrición: O desgaste derivado do lavado con auga a presión que se leva a cabo nos Pabellóns 3 e 4 provoca un alisado do seu chan, que ocasiona que os animais esvaren con frecuencia. Para corrixir esta deficiencia propónse darlle un aspecto rugoso que evite que o gando sufra caídas, e esvaróns

Características técnicas: Fresado no pavimento de formigón para evitar esvaramentos debido ó desgaste do mesmo. Este fresado consistirá en facer unha limpeza xeral da nave, incluso levantamento de reixas metálicas e posterior colocación, incluso limpeza de restos. A zona a fresa ten unha dimensión de 30 m. de longo por 60 m. de largo.



5. Silo para cadáveres e esterqueira.

Descrición: Trátase de acondicionar unha zona cercana as naves para almacenar os desperdicios xerados nas poxas antes de ser enviados ao xestor autorizado.

Asemade tamén se propón a construción dun silo para cadáveres, co fin de poder depositar temporalmente algún animal morto, dando cumprimento a toda a lexislación e recomendacións sobre do benestar animal.

Características técnicas: Execución de silo para cadáveres de 3 X 4 m. de planta e 1,80 m. de profundidade. construción a base de muros de formigón armado de 30 cm. de espesor e losa de fondo de 30 cm. de formigón armado. Peche superior mediante porta metálica deslizante de 3X4 m. en chapa simple galvanizada. Desaugue de foxo a base de canalización de p.v.c. de 125 mm. de diámetro. Incluso escavación e preparación de terreo para foxo e canalización. Totalmente rematado.

Almacén para desperdicios xerados nas puxas formado por foxo a base de muros de formigón de 30 cm. de espesor de 17 X 6 m. de planta con alturas de muro que van de 1,30 m. a 2 m. de muro visto. Incluso estrutura metálica de cuberta de 4 m. de altura, esteos e cuberta de chapa metálica galvanizada, vigas, correas e zunchos, tratados con pintura antioxidante. Totalmente rematado.



6. Acondicionamento de Lazareto.

Descrición: Trátase do acondicionamento dunha zona (no edificio que se mostra na fotografía adxunta), para albergar a animais que se detectaran enfermos e que por cuestión sanitarias sería necesario apartar dos pavillóns de recepción de gando.

Poderíamos dicir que o traballo consistiría na adaptación das instalacións para o seu emprego como cortes no interior, para tenreiros de recría, vacún de desvelle e becerros carniceiros.

Características técnicas: Acondicionamento de Lazareto consistente en:

- Separación de dúas estancias de 6,40 X 3 m., en dúas cortes a base de cancela metálica abatible en tubo de aceiro galvanizado de 50 mm. de diámetro, de 1,80 m. de altura e 3 m. de ancho. Incluso suministro e instalación de comedero e bebedeiro en cada un dos recintos resultantes. Incluso apertura e instalación de ventá de 1 X 1,20 m. de aluminio lacado semellante o existente na mesma edificación.
- Separación de estancia de 6,40 X 6,40 m. en cinco departamentos para becerros mediante reixas metálicas en tubo de aceiro galvanizado de 50 mm. de diámetro e 1,20 m. de altura, con unha porta abatible por departamento. Incluso suministro e instalación de termo eléctrico de 100 l.



7. Reforzo do valo exterior do recinto e paso canadiense no acceso ao Recinto, para evitar fuxidas de gando ao exterior.


Descrición: Trátase de reparar e reforzar os valos que pechan o recinto para evitar a fuxida dos animais o exterior.

Características técnicas: Reposición de valo de peche exterior de recinto (dunha superficie de 258 m.) consistente en:

- Levantado do peche exterior, incluso limpeza da maleza
- Preparación de base para ancoraxe de pilastras metálicas
- Suministro e colocación de paneis de malla metálica electrosoldada con pregues lonxitudinais en forma de V para mellorar rixidez, en aceiro galvanizado de 5 mm. plastificado de poliéster, 80 gr./m² de zinc. de 2 m. de altura

Totalmente colocada, incluso postes metálicos de 40 X 60 a 2,5 m. de separación, abrazadeiras e medios audiovisuais.

Execución de paso canadiense en acceso a recinto feiral, formado por dous módulos de 5 X 2 m. Incluso escavación e preparación de terreo, formación de 3 muretes de formigón armado de 20 cm. de espesor e unha profundidade de 20 cm., soleira base de formigón armado de 15 cm. de espesor, desaugue de foso con tubo de 110 mm. de 5 m. de lonxitude e entramado superior con perfilería metálica tipo IP e tubos metálicos de 125 mm. de diámetro. Totalmente rematado.





8. Apertura e acondicionamento de Viais (Vehículos sucios – vehículos limpos).

Descrición: En cumprimento a normativa vixente de recintos feirais gandeiros, o Recinto Feira Internacional de Galicia dispón dunha estación de lavado e desinfección de vehículos gandeiros, xestionada por Trasega, e que se atopa nas inmediacións dos pavillóns 3 e 4 destinados todos os martes ás poxas de gando. Por recomendacións dos Servizos Veterinarios da Xunta de Galicia faise preciso acometer a adecuación de viais de acceso a esta estación, con intención de evitar o cruce de vehículos limpos con outros que todavía non levaron a cabo o seu lavado e desinfección.

Características técnicas: Suministro e colocación nunha superficie lineal de 125 m. de bordo sobre base de formigón HM-20/P/20/I, fabricado en central normal, verquido con cubilote. Bordo recto de formigón, monocapa, con sección normalizada de calzada C1 (35 X 15) cm., clase climática B (absorción $\leq 6\%$), clase resistente a abrasión H (pegada ≤ 23 mm.) e clase resistente a flexión S ($R-3,5$ N/mm²). Lonxitude de bordillo 50 cm., segundo UNE-EN 1340 e UNE 127340. Posteriormente encintado con morteiro de cemento CEM II/B-P 32,5 N

tipo M-5, confeccionado na obra con 250 kg/m^2 de cemento e unha proporción en volume 1/6, con resistencia a compresión a 28 días de 5 n/mm^2 . Incluso corte de pavimento existente e apertura de zanja. Totalmente colocado.


Apertura de caixa en zona verde para vial (117 m^2). Incluso levantado de bordo existente con eliminación de terras e apertura de caixa ata 25 cm. de profundidade.

Formación de vial (117 m^2) con base de balastro procedente de machucamento tamaño 2" medido despois de compactado, posterior capa de rodaxe a base de aglomerado en quente D-12, dúas capas. Incluso rego de imprimación. Totalmente rematado.


9. Mellora na capa de Rodadura nos exteriores dos pavillóns.

Descrición: Faise preciso acometer a reforma do piso nas inmediacións dos Pabellóns 3 e 4, debido o deterioro sufrido polo paso continuo de camiións e vehículos de alto pesase.

Características técnicas: Suministro e posta en obra de aglomerado asfáltico en quente para capa de rodadura de 4 cm. de espesor, nunha soa capa. Incluso preparación da superficie e posterior limpeza para aplicación dun primeiro rego de adherencia. A superficie total afecta é de $3.859,50 \text{ m}^2$.



Silleda, a 18 de Outubro de 2010



Paloma Hidalgo López
Directora Xeral

